

PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe Cristo Rey

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguemento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Colexio Marista Cristo Rey é un centro plurilingüe de ensino medio e bacharelato que leva máis de cen anos desenvolvendo a súa actividade educativa e evanxelizadora na cidade da Coruña. Infantil e Primaria impártense no centro adscrito Hijas de Jesús.

Nun ámbito familiar a través da educación formal, o deporte, os movementos xuvenís, facemos aos nosos nenos e mozos protagonistas da súa propia aprendizaxe, utilizando un modelo educativo propio, baseado na espiritualidade, a solidariedade e a actualización pedagóxica, para lograr a transformación social.

- Páxina web: www.maristascoruna.org
- Dirección: Elviña 149. 15009 A Coruña
- Teléfono: 981287530
- Email: direccion@maristascoruna.com

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Cristo Rey é un Centro privado concertado, de acordo ao dereito recoñecido pola Constitución Española (CE 27,6) e de acordo co disposto nos artigos 121 da LOMCE y 62 y ss.de la LOMLOE

O Colexio Marista Cristo Rey é un centro católico. O titular é o Instituto dos Irmáns Maristas do Ensino. O seu representante legal e máxima autoridade é o Irmán Provincial da Provincia Marista *Compostela*.

O Centro ten o número 15004101 no Rexistro de Centros. Imparte os niveis de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato. Os niveis da ESO están acollidos ao réxime de concertos no curso 94/95. O nivel de Bacharelato é integramente privado.

Os Irmáns maristas e profesores segrares traballan xuntos e coordinados na misión educativa e docente conforme co Carácter Propio e co seu Regulamento de Réxime Interno (actualmente NOF). Desenvolven unha metodoloxía característica, propia da pedagogía marista e acorde coas programacións e orientacións dos órganos colexiados.

O profesorado gozará do respecto e consideración á súa persoa e á función que desempeña. Manterá

tamén en todo momento unha actitude de respecto e trato correcto ao alumnado e demais membros da Comunidade Educativa.

Sempre centrados na educación do seu alumnado, o claustro está inmerso nun programa de formación continua co obxectivo de ofertar unha educación actualizada e de calidade.

A relación laboral co Titular será sempre conforme coa lexislación vixente e de acordo coas condicións estipuladas no seu contrato laboral.

Colabora para que as instalacións do centro se atopen en óptimas condicións para o desenvolvemento do labor educativo.

Atende as responsabilidades encamiñadas ao bo funcionamento e á conservación das infraestruturas e servizos do centro, sempre en coherencia co noso ideario.

O alumnado é o gran protagonista da nosa actividade. A súa educación e crecemento persoal en todas as dimensións do ser humano son a nosa razón de ser. Participan da vida colexial con responsabilidade, compromiso e sentido de pertenza, con espírito de colaboración nas iniciativas propostas polo colexio. Nese senso, o carácter e as ensinanzas do fundador constitúen os valores morais que queremos transmitirles e que sexan referentes na súa vida.

O seus órganos de participación e representación colexial son o Consello escolar do centro, a Xunta de delegados (dende 1º ESO), as reunións focais (a partir de 1º ESO) e as enquisas de satisfacción e avaliación de competencias do profesorado e clima escolar.

Os pais/nais de alumnos/as son parte fundamental e activa da nosa comunidade educativa. O seu principal órgano colexiado de participación e representación na vida escolar é a Asociación de Nais e Pais de Alumnos, que se rexerá pola lexislación vixente, o Regulamento de Réxime Interno e os seus propios estatutos.

Os pais e nais tamén terán a súa representación entre os integrantes dos Consello escolar do centro. Así mesmo, as familias que forman parte da comunidade educativa do colexio, comprométense á aceptación e respecto do noso ideario e carácter propio Marista.

A comunidade educativa do noso colexio conta coa figura de colaboradores en distintos ámbitos que axudan a dinamizar a vida da escola máis alá das aulas (animadores de grupos, monitores deportivos e de actividades culturais, monitores de actividades extraescolares, monitores de comedor, antigos alumnos...) estruturados en asociacións (MARCHA, ADEMAR, CLUBE MARISTAS...) que comparten o carisma do ideario de centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O plan elaborouse seguindo as indicacións da Secretaría, creando un Equipo de Traballo en constante comunicación coa dirección do centro. Nun primeiro momento, a coordinadora do equipo realizou unha análise xeral do centro que posteriormente serviría de base para que o Equipo de Dinamización elaborase o Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha liña de comunicación de fibra simétrica de 1Gb e unha centralita IP. A liña está conectada a un UTM que controla os accesos á internet con control de contidos e antivirus, de aquí saen 4 fibras a 10Gb que comunican os diferentes armarios de datos repartidos polo centro, onde hai switches xestionables capa 2 e 3 para as diferentes Vlans, onde están conectados os AP, dos que hai 1 por cada 2 aulas.

O equipamento das aulas consta de proxector, pantalla dixital ou de proxección, alt falantes e portátil, hai un 99% das aulas dixitalizadas. Os espazos comúns do profesorado teñen 1 ordenador e na zona de administración cada posto está equipado cun ordenador.

Cada profesor/a ten asignado un iPad para a impartición de materias ao igual que cada un dos/as alumnos/as para recibir clase, estes son da súa propiedade xestionados polo centro.

A aula de informática ten 20 ordenadores.

Os servizos dixitais a usar son Moodle, Office365 e a plataforma corporativa do centro.

A xestión e mantemento do centro lévase dende o departamento TIC composto por 4 persoas.

Os enlaces á documentación están publicados na plataforma privada do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		4,4	4,3		
	Profesorado		4,3	4,1		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		4,2	4,1		
	Profesorado		3,7	3,5		
	Alumnado		3	2,9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,5	4,5		
	Profesorado		4,5	4,5		
	Alumnado		3,9	3,5		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,2	4,1		
	Profesorado		3,8	3,5		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,3	4,1		
	Profesorado		4,2	4,3		
	Alumnado		4,2	4,1		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,8	4		
	Profesorado		3,6	3,5		
	Alumnado		3,7	3,2		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,8	3,7		
	Profesorado		3,3	3,2		
	Alumnado		3,1	2,7		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4	4,2		
	Profesorado		3,7	3,8		
	Alumnado		3,5	3,2		

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

Test CDD: perfil do profesorado participante no TestCDD.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>34</u>	<u>39</u>	<u>87,2</u>
PROVISIONAL	<u>6</u>	<u>6</u>	<u>100</u>
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
94,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	93,2	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	96	Integrador/a (B1)	75,4	Integrador/a (B1)
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	5	12,5%
B1	20	50%
B2	10	25%
C1	5	12,5%
C2		
TOTAL	40	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Infraestrutura sólida con equipos estables.	Escaseza de recursos económicos para infraestrutura.
	PERSOAL DOCENTE	Control do uso do dispositivo e acceso á rede e á internet. Protocolo de teledocencia	Tempo dos docentes para creación e uso da tecnoloxía. Mellora da creación de recursos para a ensinanza. Respecto polos dereitos de autor no marco dixital. Escaseza de obradoiros de microsesións de formación tecnolóxica para o profesorado.
	PERSOAL NON DOCENTE	Contratación técnica para incidencias tecnolóxicas	
	ALUMNADO	Protocolo de teledocencia. Protocolo de asignación de contas establecido.	Formación do alumnado no uso e desfrute da tecnoloxía. Formación do alumnado no uso e disfrute da tecnoloxía. Mellora da creación de recursos para a ensinanza.
	FAMILIAS	Control do uso do dispositivo e acceso á rede e á internet.	
	OFERTA	Adopción tecnolóxica para ensinanza-aprendizaxe. Protocolo de teledocencia.	Escaseza de recursos económicos para infraestrutura.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Sistema de incidencias tecnolóxicas Plataforma de software ofimática. Protocolo de asignación de contas. Equipo e Plan anual TIC-TAC realizado. Acordo adaptación á tecnoloxía xeralizada. Control do uso do dispositivo. Protocolo de teledocencia.	Escaseza de obradoiros de microsesións de formación tecnolóxica para o profesorado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Realización plan DIXITAL. Recursos gratuítos para ensinanza e aprendizaxe. Formación por parte da administración educativa.	Mal uso da tecnoloxía.
	LEXISLACIÓN		Utilización fraudulenta de recursos dixitais.
	CONTORNA	Formación e certificación tecnolóxica do profesorado establecido.	Infraestrutura e mantemento. Volatilidade da tecnoloxía e o software. Mal uso da tecnoloxía.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Apoio da Provincia Marista en formación. Recursos gratuítos para ensinanza e aprendizaxe.	Custo do acceso a internet. Custo das licenzas dixitais.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da elaboración e reflexión posterior do DAFO establecéronse unha serie de áreas de mellora e determinamos os seguintes obxectivos

- 1. Mellora da formación do alumnado no uso da tecnoloxía**
 - a. Valor de chegada: 2 microsesións de formación
 - b. Temporalización: Xuño 2023
 - c. Responsable: Equipo TIC – Equipo de convivencia
- 2. Mellora da conexión WIFI na zona de segundo de bacharelato**
 - a. Valor de chegada: Boa conexión do 100% do alumnado
 - b. Temporalización: Setembro 2022
 - c. Responsable: Equipo Directivo – Equipo TIC
- 3. Acadar a certificación Microsoft Showcase School**
 - a. Valor de chegada: Acadar a certificación no curso 23-24
 - b. Temporalización: Curso 23-24
 - c. Responsable: Equipo Directivo – Equipo TIC
- 4. Mellora de formación tecnolóxica do profesorado.**
 - a. Valor de chegada: 3 microsesións de formación
 - b. Temporalización: Curso 22-23
 - c. Responsable: Equipo TIC

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

1. Cubrir o centro cos puntos de acceso unificados para o mellor control de accesos a rede.
2. Renovación dos proxectores para mellorar a calidade da imaxe e reducir os problemas de son.
3. Centralizar os recursos dixitais nunha única plataforma para unha mellor organización e localización dos mesmos.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO (1):	Mellora da formación tecnolóxica do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realizar al menos 3 microsesións de formación					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	3 o longo do curso 22-23			Curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar unha enquisa ao profesorado sobre as necesidades de formación	Equipo TIC	Outubro 2022	Formulario Office		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Partindo dos resultados da enquisa, realizar un cronograma coas sesións de formación	Equipo TIC	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Aprobación por parte do ED do cronograma elaborado	ED	Novembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Realización das sesións de formación	ED	Xuño 2023	Profesorado para impartir a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":							
1. OBXECTIVO (1):	Acadar a certificación Microsoft Showcase School					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo Equipo TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Acádase a certificación Microsoft Showcase School						
Valor de partida (3)	0						
Valor previsto e data (4)	Acadar a certificación para o curso 23-24				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Buscar información necesaria para conseguir la certificación	Equipo TIC	Xuño 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Estudar un plan de ruta para poder optar á certificación	Equipo TIC	Xuño 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Aprobación por parte do ED do plan de ruta elaborado	ED	Xuño 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Posta en marcha do proceso de certificación	E	Septembro 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":						
1. OBXECTIVO (1):	Mellora da formación do alumnado no uso da tecnoloxía				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC – Equipo de Convivencia				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realizar sesións de concienciación no correcto uso da tecnoloxía					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Realizar 2 sesións de concienciación por curso sobre o bo uso da tecnoloxía			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Realizar sesións de formación no bo uso da tecnoloxía por parte da Policía	Equipo de Convivencia	Maio 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Realizar unha sesión de titoría sobre a concienciación no bo uso da tecnoloxía	Equipo de Convivencia	Maio 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
Pendente						

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":							
1. OBXECTIVO (1):	Mellora da conexión WiFi na zona de segundo de bacharelato					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo Equipo TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Todos o alumnado pode conectarse co seu dispositivo sen problema						
Valor de partida (3)	0						
Valor previsto e data (4)	Conexión apropiada para todos os dispositivos do alumnado de segundo de bacharelato				Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Revisión das necesidades para o correcto funcionamento dos dispositivos en 2º de Bach.	Equipo TIC	Xuño 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Aprobación por parte do ED das melloras propostas	Equipo Directivo	Xuño 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Realización das melloras propostas	ED	xaneiro 2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

1- OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir).

- **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos. Para cada obxectivo establecerase á **persoa responsable** do seu seguemento.

2- INDICADOR: Define os indicadores que vos permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

3- VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro

4-VALOR PREVISTO: é a cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

5-DESCRIPCIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

6-RESPONSABLES: Que son as persoas implicadas e responsables de realizar a liña de acción.

7-DATA PREVISTA FIN : data concreta na que finalizaría a acción completamente.

8-RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)

9-VALORACIÓN DA ACCIÓN é recomendable valorar o logro de cada acción de mellora, e é recomendable se utilizamos un indicador **concreto e cuantificable**, respecto á liña de acción.

10-ESTADO: Podemos utilizar esta mesma táboa para avaliar finalmente o noso plan de xeito rápido, comprobándose o cumprimento do logro de cada liña acción.

4. Avaliación do plan

Ao longo do curso, estableceranse unhas datas para realizar o seguemento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos.

- Avaliación procesual: Realizarase unha vez ao trimestre, valorando o desenvolvemento de cada obxectivo, analizando resultados e modificando, no caso de ser necesario, as accións e as propostas de mellora.
- Avaliación final: Realizarase a final do ano (Xuño 2023). Nesta avaliación, farase unha valoración dos logros e reformulación dos obxetivos non acadados así como a elaboración de novas propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Unha vez o plan dixital estea aprobado polo Consello Escolar, tras as achegas do Claustro, estará a disposición de toda a comunidade educativa a través da plataforma de Comunicación.